

A EXEMPLARIDADE DE PIÑEIRO: COMPROMISO INTEGRAL E INTEGRADOR

Andrés Torres Queiruga
Real Academia Galega

Resumo: O artigo presenta a Piñeiro como exemplo, tomada a palabra no seu máis fondo e alto sentido, de entrega plena a Galicia. Desde moi mozo consagrou a súa vida, cunha consecuencia e austeridade asombrosas, a pensar o problema fundamental do país e pórse ao servizo da súa promoción colectiva. Cun talante socrático, sobre todo mediante a conversa e a epístola, o seu afán foi convocar a que entre todos –a este nivel sen distinción de confesión ou partido– logremos que o *sentimento* de pertenza a unha patria común se ilumine en *concepto* expreso e se articule en *acción* solidaria. Unha convocatoria que segue aí como urxencia e desafío.

Abstract: This paper is focused on showing Ramón Piñeiro as the example of a man totally committed to Galicia. With an astonishing coherence and austerity he devoted his life from early youth to reflect on the fundamental problem of Galicia and he wanted to contribute to the collective promotion of the country. In a socratic manner, and mainly through conversation and the exchange of correspondence, Piñeiro wished to call all Galician people regardless of creed or party to develop the *feeling* of belonging to a common homeland into an explicit *conception* and then to express it through *collective support*. A calling that still lingers on today both as a necessity and as a challenge.

Palabras chave: Ramón Piñeiro, cultura galega, galeguismo.

Keywords: Ramón Piñeiro, Galician culture, *galeguismo*.

Igual que o vento co seu roce vai modelando a forma perfecta da pomba, tamén o tempo con seu discorrer, calado pero sen volta, vai modelando o recordo das persoas, perfilando a súa figura xusta e definindo o seu significado preciso. Vintecinco anos van alá da morte de Ramón Piñeiro, e a nosa Academia, que en medida importante foi e é tamén a súa Academia, fai ben en recordalo. Dáños así, unha vez máis, ocasión para ollar cara a atrás, cara ao seu recordo, a fin de ir

enxergando o que a súa figura, a súa *vera effigies*, ilumina cara a adiante, cara ao futuro de nós, cara ao futuro de Galicia.

É xusto que o fagamos, pois non sempre os pobos teñen ocasión de facer memoria de figuras exemplares. Penso que Ramón Piñeiro o foi e o é. Como vou usar palabras maiores, quero poñerme á sombra doutro dos nosos grandes, para dicir neste punto que Piñeiro representa para nós un deses “individuos históricos” dos que falaba Hegel. Homes, seres humanos, varóns ou mulleres, que elevan á consciencia expresa e poñen en palabras, o que, oculto ou aínda non plenamente visible, está xa presente nos fondos do seu país e nas aspiracións do seu tempo. Otero Pedrayo, en efecto, remite a “unhas fondas páxinas de Hegel nas primeiras leccións de Filosofía da Historia Universal”, avisando que “[d]ebían ser meditadas e ardentemente sentidas por tódolos galegos” (Otero 1929). El fala do destino enteiro de Galicia. Aquí refírome á contribución dun galego a ese destino común.

Unha contribución máis ben silandeira, sen notables brillos mediáticos nin acontecementos externos demasiado relevantes. E algún acontecemento que, como a súa condena á cadea, podería ser considerado desa estirpe, non foi aireado por el como bandeira de especial reclamo ou como peaña para a exaltación propia. A súa presenza foi modesta e o seu labor, máis de semente ca de tribuna. Tense salientado, con razón, o carácter socrático da súa actividade. A diferenza da retórica torrencial de Otero ou da medida elegancia de Castelao, non estaba ben dotado para o discurso público; nin, desde logo, para o mitin. O propio e inconfundiblemente seu foi a conversa, demorada e sen présas, en escoita atenta e resposta sempre meditada. Escribiu pouco, moito menos do que cabería esperar; e a meirande parte da súa escrita foi epistolar: no fondo, outro modo de conversa.

Os que, como moitos e moitas dos presentes, tivemos a sorte de compartir a súa conversa, experimentamos a eficacia desa palabra, de intensa forza maieútica, é dicir, coa capacidade non de impor desde fóra, senón de axudar a que saíse á luz o que estaba xa dentro de quen o escoitaba, acaso pugnando por encontrar claridade expresa ou dar coa idea e a palabra xustas. El era moi consciente disto, porque sabía —e algunha vez expresábao— que no verdadeiramente humano, en todo aquilo que toca o fondo das persoas ou se move no seo das colectividades, tan só ten eficacia verdadeira e duradeira a convicción que nace de dentro e se alimenta da evidencia íntima. Impresionoume ler nunha entrevista como explicou a razón de por que non lles revelara aos seus interlocutores mozos os datos certos que tiña acerca dun asunto moi inxusto e moi doloroso para el: “Eu non lles dixen nada, aínda que estaba informado, porque nesas cousas é mellor que cada un reaccione por si mesmo, segundo a propia mentalidade” (Toro 2009)¹.

1 Agradezo á xenerosidade de Henrique Monteagudo o acceso aos textos das entrevistas que cito neste traballo.

Falo, pois, desta grandeza profunda pero discreta, Non se trata de construír un ídolo, senón de recoñecer a presenza dun exemplo. Tómoo no sentido en que Max Scheler fala do “modelo” no seu libro *O santo, o xenio, o heroe*. A diferenza do “xefe”, o modelo non actúa mediante o poder: o seu influxo “reside, opera e transforma na profundidade da alma de cada persoa e de cada grupo humano” (1961:12). Recoñecer a presenza exemplar e a eficacia socio-cultural deste influxo non sempre é fácil nin sucede de xeito unánime. En xeral, tendemos a ser máis críticos con quen está achegado a nós, non perdoando nel o que de cote se xulga comprensible nos distantes. Iso é así non só pola razón neutra de que, como dicía Ernst Bloch, “ao pé do faro non se ve”; senón bastantes veces, pola máis visceral de que “ninguén é profeta na súa patria”, segundo recoñecen os mesmos evanxeos. Por iso cómpre elevar a mira da atención, para recoñecer a excelencia, sen idolatría cega, pero tamén sen incorrer no espírito hegelianamente pequeno do axuda de cámara.

A pregunta resulta entón: en que, pois, foi exemplar Ramón Piñeiro? Onde residen a cerna firme e o fogar irradiante do seu influxo? Porque é obvio que ningún individuo pode esgotar a riqueza do humano. Nin sequera os máis grandes, que como Buda, Sócrates, Zaratustra ou Xesús foron, segundo o coñecido título de Karl Jaspers, traducido á letra, persoas que “deron a medida” do autenticamente humano (*massgebende Menschen*). Piñeiro pasou a vida nun país pequeno como é o noso e nunca quixo saír del. Non cabe, por tanto, nin pretender o espectacular nin buscar o rebordantemente universal. Pero, aínda que pequeno, o noso país é, como dixera Risco, suficientemente grande cando o medimos co corazón. E nel, Piñeiro soubo enxergar, facer patente e, sobre todo, vivir de xeito imborrable unha dimensión elemental e decisiva: que Galicia é unha realidade de seu, con forte unidade e que sente intensamente a copertenza mutua; pero que precisa pasar do *sentimento*, vivo pero indiferenciado, á *claridade da conciencia* teoricamente articulada e á *eficacia práctica* da organización cultural, social e política².

Nin sequera estou a dicir que fose el o primeiro en descubri-lo, pois esta conciencia e esta inquedaanza levaban tempo xermolando no seo de Galicia. Dunha Galicia que, tralos tempos primeiros cargados de promesas e os tempos medievais e postmedievais moi alienada de si mesma, estaba *volvendo ao seu ser*, sobre todo grazas aos grandes ilustrados, aos renacementos do século XIX e ao galeguismo que chegaba aos nosos días. Foi coma un río sinuoso, tan cheo de ilusións como cargado de atrancos e dificultades. Ramón Piñeiro, cunha sensibilidade exquisita

2 Ao respecto é ben significativo o acertado título que as editoras, María Xesús Lama e Helena González, lle puxeron á correspondencia de Piñeiro con Basilio Losada. Constitúe un auténtico exemplo de “proceso maiéutico” de mestre cun discípulo de áxil intelixencia, pero inicialmente lonxe de Galicia e dos seus problemas: *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia 1961-1984* (2009).

e desde un espertar biograficamente temperán, insírese nese proceso vivo, que Otero expresou así –un pouco sombríamente– no ano 35 do pasado século:

A nosa xeración e máis a que vén a pos de nós atoparon unha Galicia en tronso de morte. Soio os poetas tiñan seguido conscientes e entusiastas a mesma lei que escuramente guiaba aos labregos na cotián creación da Terra. A cultura como o espírito, a patria como a alma fanse en cada intre. Na Galicia a estrofa e o arado facían a mesma sementeira de vida [notemos de paso a xenialidade desta metáfora, capaz ela soa para denunciar a presenza dun xenio]. E desta fonda e maina vida, animada polo espírito do tempo románico, da alegría barroca, do ideal romántico, tiña de nacer unha política: o Galeguismo.

E continúa poñendo ao descuberto as entrañas do proceso:

Tódalas determinantes do Galeguismo existían no ser da Galicia, mais latentes, en potencia, apenas desenroladas. Os elementos da organización social, económica e política viven na historia galega nados, mais non desenvolto, encubertos polo sistema da sociedade e do estado unitario da España. Non morreron endexamais, non poden morrer. Mais coutados, descoñecidos, postos á marxe, alentan angustiosos e desesperanzados na griseira tristura da historia moderna da nosa Terra (Otero 1935).

Creo que na percepción desta situación, na súa aguda vivencia como ferida dolorosa, pero tamén como esperanza irrenunciábel, está a raíz máis fonda da que podemos chamar a vocación de Piñeiro: a que define a tarefa á que vai dedicar *a luz do seu pensamento e a forza do seu compromiso*. En afrontala sen reserva nin concesións, tanto na teoría como na praxe, nunha auténtica consagración militante, residen no meu parecer a súa orixinalidade, a súa exemplaridade e a súa grandeza.

Porque a súa vida constitúe un exercicio lúcido, constante e –digamos a palabra– heroico, dun traballo maiéutico, buscando que por fin a nosa terra vaia dando á luz “esas determinantes” das que estaba e segue a estar preñada. Desde moi novo fai o diagnóstico. E avisa de que non foi flor dun día, senón que se converteu para el no eixe constante, no *cantus firmus* que sostivo a súa visión do problema fundamental de Galicia: “Eu non cambiei os meus plantexamentos e nunca ti ven outros. A miña fidelidade ó galeguismo é e foi o que enche e encheu a miña personalidade. É un sentimento que nós mantemos!”³, dixo en 1986³. Modulouno

3 Entrevista de Pilar Falcón: *El Progreso* 14/XII/1986.

de mil maneiras, atravesando os distintos avatares do espertar político de Galicia. Pero nunca abandonou a convicción de que lograr esa unidade de base, por enriba e por debaixo de toda opción concreta, era o desafío fundamental para o noso futuro.

Estaba convencido de que nesa procura todos podemos estar unidos, sexa cal sexa o diagnóstico, a interpretación, a opción partidaria na que despois –sexa con posterioridade lóxica ou mesmo temporal– se considere como a mellor opción para a levar a cabo. Castelao expresou a mesma idea co xenio das súas imaxes chispeantes: “Non lle poñades chatas á obra namentras non se remata. O que pense que vai mal, que traballe nela; hai sitio para todos”. Piñeiro explicitouna en moitas ocasións. Faino dun xeito elocuente, nunha carta a Ramón Lufrís, en 1963:

Os galegos deben ser galeguistas independentemente das súas ideas políticas concretas. As ideas políticas arrédannos; o galeguismo ten que nos unir. A gran política do galeguismo consiste en facer que os galegos señan verdadeiros galegos, en que o señan conscientemente e non só polo nacemento. Ten que actuar, xa que logo, sobre todo o corpo social de Galicia e por enriba das respectivas ideoloxías políticas de cada un.

Non faltou quen interpretase esta visión como unha renuncia ou peor, unha descualificación do rol indispensable dos partidos. El, con sereno realismo, aclara expresamente o contrario:

Mais se o galeguismo renuncia a ser un partido político, Galicia, en cambio, necesita ter partidos políticos que representen as súas correntes de opinión e sirvan pra representar e defender os seus intereses. É necesita que tales partidos señan galegos e non simples delegacións provinciais dos partidos radicados e dirixidos en Madrid. Aínda máis: débese adiantar a eses partidos madrileños para que non se produza a “colonización” política de sempre (Lufrís 2009: 83).

Poderase discrepar; pero cando se faga, que sexa *desta* opinión, non dunha construción maniquea, montada sobre ela ou co seu pretexto. Porque, sen partir da análise honesta desa precisa opinión resulta imposible unha interpretación xusta da verdadeira intencionalidade das súas opcións, mesmo das máis discutidas.

Por iso, no meu parecer, insistir na grandeza de Piñeiro non reside tanto no seu maior ou menor acerto teórico, nin sequera nas concretas opcións ás que dedicou a súa vida. Reside na integridade e na fidelidade do *compromiso* práctico con aquilo que, no seu parecer, era bo para Galicia. Falei de consagración, e penso que non é un vocábulo desaxeitado. Porque a súa dedicación foi enteira

e sen concesións, con duras renuncias aos propios proxectos intelectuais e un ascetismo rigoroso no xeito de vida adoptado. Non quero estenderme neste punto, acaso non valorado en todo o alcance da súa exemplaridade. Pero ouso repetir que resulta case que imposible encontrar un exemplo parello de entrega tan austera, tan desinteresada, tan sen busca de acomodados e aproveitamento propio, sobre todo nun mundo coma o político, non precisamente propicio para estas virtudes. Nel era unha opción meditada e solidaria co seu propósito de entrega: “O galeguismo, coas armas da cultura, da técnica e da exemplaridade moral da propia conduta, ten que actuar intensamente sobre a totalidade do corpo social de Galicia pra lle dar conciencia de pobo” (Lugrís 2009: 84).

Así e todo, resulta importante salientar que esta entrega tan radical soubo escapar ao perigo que sempre axeca o ascetismo dos que, dándoo todo, tenden a esixilo aos demais, converténdose decote en xuíces implacables na práctica e de mentes estreitas na teoría. Sempre me asombrou o amplo *humanismo* de Piñeiro, interesado por todos os temas da cultura, incansable na súa curiosidade e aberto a todas as dimensións do espírito. Algo que, por certo, permite situar a verdadeira dimensión da súa énfase no *traballo cultural* a prol do renacemento de Galicia. Interpretala como simple “culturalismo” ignora o seu afán por romper as canles dun politicismo estreito e excluínste.

Piñeiro optou por dedicar o mellor e máis intenso da súa vida ao esforzo por conxuntar as distintas perspectivas sobre a rica pluralidade da realidade e a vida de Galicia:

Nós non nos metiamos en saber se os mozos que ían chegando eran católicos ou marxistas. O caso é que chegaron as ideoloxías, e veu o marxismo e tamén o cristianismo progresista, e as demais correntes que penetraron na Universidade. O caso é que se produciu unha confluencia das tres principais: o marxismo, o cristianismo antifranquista e o galeguismo. O cal deu lugar a unha ósmose curiosa: galeguizáronse todos. E, á súa vez, moitos galeguistas asimiláron, uns o marxismo, e outros optaron pola democracia cristiá. Pero todos acabaron por facer a súa propaganda e o seu proselitismo sempre en galego⁴.

É claro que a entrega á promoción da conciencia e ao reforzamento desta *dimensión fonda e unitaria* da realidade de Galicia non ten que se converter na opción principal para todos, nin sequera cabe pretender que a de Piñeiro fose acertada en todos os detalles. Pero é indubidable –e as circunstancias deste mesmo momento da nosa historia móstrano con abonda e ás veces dolorosa

4 Xavier Navaza, *El Progreso* 17/IV/1983.

claridade— que dalgún xeito debe permanecer como preocupación de fondo das distintas opcións. A lección de Piñeiro radica en tela convertido en criterio fundamental do seu traballo e na Estrela Polar dos seus camiños. Recordalo hoxe pode axudarnos a todos nunha hora histórica en que a unidade dos galegos chama con urxencia, case a gritos, por todos, sexa cal sexa o distinto lugar onde habiten as nosas preocupacións e decidamos realizar o noso traballo comunal.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Fernández del Riego, Francisco (1995): *Pensamento galeguista do século XIX*. Vigo: Galaxia.
- Lugrís, Ramón (2009): “Galeguizar Galicia. O proxecto político-cultural de Ramón Piñeiro, a través dunha relación epistolar nos anos 50 e 60”, en Antón Santamarina (ed.), *Ramón Piñeiro. Día das Letras Galegas 2009*. Santiago de Compostela: Universidade, 75-87.
- Otero Pedrayo, Ramón (1929): “A terra prometida”, *A Nosa Terra* 259, 2-3. Reproducido en Fernández del Riego 1995: 150-152.
- (1935): “O ser inmorredoiro de Galicia”, *A Nosa Terra* 390, 4. Reproducido en Fernández del Riego 1995: 156-158.
- Piñeiro, Ramón e Basilio Losada (2009): *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia 1961-1984*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia; Vigo: Galaxia. Edición de María Xesús Lamas e Helena González.
- Scheler, Max (1961): *El santo, el genio, el héroe*. Buenos Aires: Nova.
- Toro, Suso de (2009): “Ramón Piñeiro ante si mesmo”, *El País*, Suplemento Luces 17/V/2009. <http://susodetoro.blogaliza.org/2009/05/17/entrevista-a-ramon-pineiro-completa/> [consulta en maio de 2016].